


*Recomendacións para a estimulación da
línguaxe en Educación Infantil*



IAGO SANMARTIN SEDES

MESTRE ESPECIALISTA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA

Queridas familias:

Para levar a cabo unha boa estimulación da linguaxe do alumnado de Educación Infantil é preciso que abordemos o traballo dende as diferentes dimensións da linguaxe, ademais dos prerrequisitos básicos para desenvolvesas.

Deste xeito faise preciso realizar actividades para así traballar dende a atención, a percepción e memoria e as dimensión da linguaxe como son vocabulario, fonética, estruturación sintáctica e uso axeitado da linguaxe (pragmática).

Así neste documento fórmulanse diferentes actividades e tarefas para que poidades traballar dende a casa estes aspectos, de maneira xeral e respectando a situación de cada familia e das circunstancias na que nos atopamos.

Primeiro de todo gustárame facer algunhas recomendacións xerais que hai que ter en conta para poder ofrecer aos nenos un modelo de linguaxe axeitado como son:


- Non utilizar unha linguaxe infantilizada cos nenos, senón falarlles dun xeito adecuado a súa idade.
- Non recriminar cando o neno pronuncia mal, simplemente repetimos o que di pero coa pronuncia adecuada.
- Empregar dinámicas que vos permitan favorecer a interacción e relación cos nenos e nenas recorrendo a xogos clásicos como o parchís, o xogo da oca, vexo- vexo, palabras encadeadas...
- Convén falarlles moito, preguntarlles polos seus gustos, amigos, actividades favoritas e aproveitar calquera ocasión (roupa, mobiliario, cores...) para nomealos.
- Todos os días elixa o momento adecuado para a práctica e estímulo da fala.
- As mostras de cariño, amor e afecto axudan ao desenrolo da linguaxe.

A continuación paso a exemplificar algunhas das actividades concretas que é preciso traballar para a estimulación da linguaxe en todas as súas dimensións, que se estruturan do seguinte xeito:

1. Traballo dos prerrequisitos básicos: atención, percepción e memoria.
2. Traballo dos ámbitos da linguaxe:
 - Fonético/fonolóxico
 - Léxico/semántico
 - Morfosintáctico
 - Pragmática
3. Traballo de respiración, sopro e discriminación auditiva

1. ACTIVIDADES DE ATENCIÓN, PERCEPCION E MEMORIA

- **Xogos de secuencias e asociación:** Aquí o neno ten que facer a secuencia de cores, de obxectos ou imaxes que corresponda.



Aquí vai un exemplo sinxelo de como podedes facer na casa unha actividade deste tipo: <https://www.pinterest.es/pin/546694842268843783/>



- **Adiviñamos a imaxe ou obxecto que falta.** Para esta actividade preséntanselle diferentes xoguetes, imaxes (de animais, roupa, etc) ou obxectos enriba da mesa. Vanse dicindo en voz alta e ao rematar o neno tapa os ollos e quitamos un deses obxectos. O neno terá que atender e fixarse en cal falta. Iremos de forma progresiva primeiro con poucos obxectos e despois aumentando a cantidade de obxectos e mesmo quitando mais dun obxecto.

Podemos variar o exercicio e facelo sen apoio visual, simplemente escoitando 3-4 palabras que deberán repetir en orde.

→ Vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=cbgM9BYWT9E>

→ Vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=ALbAK9f3J5I>

- **Bingo:** Cada neno terá un cartón de animais, medios de transporte, cores, etc. Ademais nunha bolsa metemos as imaxes de todos os animais, medios, etc. Vamos sacando as imaxes dun en un e o neno terá que atender si o animal dito está no seu cartón para tachalo.



Un exemplo de plantilla para imprimir podédela atopar aquí:

Animais: http://www.arasaac.org/materiales.php?id_material=801

Froitas: http://www.arasaac.org/materiales.php?id_material=782

- **Dominós** de animais, cores, froitas, etc. Podedes descargar plantillas aquí:
<https://www.soyvisual.org/materiales/domino-frutas>
http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/1141/Domino_Los_animales.pdf



- **Xogos de memoria** a través do clásico memory tanto de animais como de cores e figuras, por exemplo, que podedes descargar no seguinte link:

http://www.memo-juegos.com/pdf/memory_para_imprimir_para_bebe.pdf

http://www.memo-juegos.com/pdf/memory_para_imprimir_animales.pdf

De forma online podedes xogar ao xogo de “Simon dice”: <http://www.memo-juegos.com/juegos-simon/juego-de-simon-online-gratis>

2. ACTIVIDADES ÁMBITOS DA LINGUAXE

• **Ámbito Fonético**

- Buscar imaxes que empecen ou conteñan un fonema concreto. Podedes buscar en revistas, folletos...recortalas e se podedes plastificalas.
- Xogar a facer onomatopeas vinculadas a algún animal ou obxecto que emite un fonema concreto. Exemplo: a serpe fai sssssss/a curuxa *chschschs*/o león *grrrrr*...
- Emitir un fonema e pensar palabras que comece polo mesmo. Por exemplo: “imos pensar palabras que empecen por: *rrrrrrr* (rato, rabo, roer, roca...)”.

Podedes atopar lotos con imaxes de todos os fonemas na páxina:

<http://siembraestrellas.blogspot.com/>

• **Ámbitos Léxico/Semántico**

- Traballaremos con tarxetas con distinto vocabulario e aumentando e estimulando a súa linguaxe. Podedes utilizar obxectos da casa, imaxes en internet, recortes de revistas, etc. Desta forma ampliaremos vocabulario de animais, roupa, comida, medios de transporte, etc.
- Buscamos o intruso: Poñemos varios obxectos ou imaxes do mesmo campo semántico (animais, plantas, froitas, etc) menos un que non pertence a ese campo, será o intruso e o neno ten que adiviñalo.
Un exemplo tédelo nos seguintes enlaces
<https://www.youtube.com/watch?v=-7P7uy7ZXiA>
- Xogamos ao vexo vexo. No seguinte enlace pode darvos unha axuda de como facelo: <https://www.youtube.com/watch?v=i4YokDkfDYI>

- Xogamos a que teño na cachola: Colócaselle ao neno/a unha tarxeta cunha imaxe na fronte, sen que poida vela. Ten que facer preguntas para tratar de descubri-lo (*é un animal?/é unha froita?/é de cor vermella?...*)

- **Ámbito Morfosintáctico**

- Para traballar este aspecto podemos utilizar distintas situacións de xogo que lle gusten ao neno. Se por exemplo lle gusta xogar con bonecas, fánelle preguntas sobre elas, como *¿quen é? unha nena; ¿que fai? Xogar; ¿Onde xoga? No parque; ¿Con quen xoga? Coa súa amiga.* Despois intentamos que diga a frase completa: *A nena xoga no parque coa súa amiga.*
- Partindo de imaxes ou fotografías dunha situación preséntanselle as seguintes preguntas:



Podémosos axudar cos seguintes enlaces:

<https://www.soyvisual.org/materiales/laminas-y-tarjetas-para-trabajar-la-estructuracion-de-frases>

[http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/2069/Material TEAC CH Construimos-frases de dos elementos.pdf](http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/2069/Material_TEAC_CH_Construimos-frases_de_dos_elementos.pdf)

- *¿Que comen os animais?.* Construimos frases sobre o que comen os animais a través de imaxes. Podedes ver neste link como facelo [http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/2424/Material TEAC CH Creamos oraciones y minicuentos.pdf](http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/2424/Material_TEAC_CH_Creamos_oraciones_y_minicuentos.pdf)

- **Ámbito pragmático**

- Láminas de expresión oral. Observamos e describimos os personaxes que vemos, que accións están a facer?, onde?, con quen?...

Láminas: en https://www.pinterest.es/eugeniaromero/l%C3%A1minas-expresi%C3%B3n-oral_pragm%C3%A1tica/

- Xogamos a inventar historias. Partindo de diferentes xoguetes, situacións, accións.
- Story cubes:
<https://view.genial.ly/5bba214002bce40c952422a2/interactive-content-story-cubes>
- Describimos as imaxes dun conto, contándoo seguindo a secuencia de sucesos que nos describen as ilustracións.
- Xogo simbólico: xogamos ao supermercado, imos ao médico, á perruquería...reproducindo diálogos típicos desas situacións.

3. Respiración, Sopros e Discriminación Auditiva

Non debemos esquecernos de traballar estes aspectos xa que son moi importantes para unha correcta linguaxe dos nenos. Así formulamos as seguintes actividades:

- **Respiración**

É importante facelos conscientes da súa respiración. Podemos realizar distintas actividades como:

- Inspirar polo nariz e expirar lentamente pola boca.
- Igual pero expirar rapidamente pola boca.
- Inspirar polo nariz e expirar lentamente polo nariz.
- Igual pero expirando rapidamente.
- Inspiramos polo nariz taponamos un lado das fosas e expiramos polo nariz.

Podemos facelo en diferentes posturas, sentados, deitados boca arriba e colocando un obxecto na barriga para ver como se move ao inspirar o aire.

- Exercicios de ioga e mindfulness que nos axudan a traballar a relaxación.


Nos seguintes vídeos podedes ver un exemplo de como facelo tanto de ioga (<https://www.youtube.com/watch?v=t8748OWc1nQ>) como de mindfulness (<https://www.youtube.com/watch?v=p-UMZmA80ME>)

- **Sopro:**

Para traballar o sopro podemos utilizar diferentes obxectos como unha palliña facendo burbullas na auga ou movendo pelotas por un percorrido.

- Podemos tamén utilizar velas nas que temos que apagar a chama a distintas distancias, ou soprar sen que se apague a chama.
- Podemos utilizar tamén molinillos de vento, silbatos, matasogras, facer pompas ou inflar globos permitirán traballar o sopro.

É importante traballar a cantidade de sopro (soprar forte) control do sopro (manter unha cantidade de sopro pequena) e a dirección.



No seguinte enlace tedes moitas posibilidades de taboleiros de sopro

<https://www.bloghoptoys.es/las-planchas-soplo/>

- **Discriminación Auditiva**

- Recoñecemento de sons emitidos polos animais, sons propios do fogar, sons de instrumentos musicais...
- Comparación de sons longos-curtos; fortes-suaves...
- O neno/a, cos ollos vendados, irá en dirección ao son que fagamos cun instrumento ou obxecto.
- Sons con diferentes materiais, por exemplo, un tambor e unha campá. Cada vez que escoitemos o tambor damos unha palmada, se escoitamos a campá damos un salto.

Espero que todas estas actividades vos sirvan para pasar un bo rato e os nosos mellores desexos para todos. Un saúdo e vémonos pronto!